

AXUDAS ECONÓMICAS PARA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS PARA ALUMNOS

CONVOCA

Consellería Do Mar

OBJECTO

O obxecto desta orde é a convocatoria de axudas económicas para os alumnos/as que realicen a formación práctica en centros de traballo en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ao alumnado matriculado no último curso de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional impartidos en centros dependentes da Consellería do Mar.

BENEFICIARIOS

Serán requisitos indispensables para solicitar estas axudas:

- Que os/as solicitantes estean matriculados/as nas ensinanzas de formación profesional específica en centros da Consellería do Mar e teñan aprobados todos os módulos profesionais do ciclo formativo.

CONTÍA DAS AXUDAS

A contía solicitada por día estará en función da distancia que exista entre a empresa e o domicilio do alumno/a, segundo o baremo establecido na orde de convocatoria

PRAZO DE SOLICITUDES

- Para os/as alumnos/as do ciclo medio de acuicultura e ciclo medio de mergullo: nun prazo de 30 días naturais a partir do 1 de xuño de 2010.
- Para os/as alumnos/as dos ciclos medios e superiores de ponte, máquinas e de produción acuícola: nun prazo de 30 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.
- Para os/as alumnos/as procedentes de promocións anteriores ao curso 2009/2010, unha vez superados os módulos que tivesen pendentes, no caso de que xa rematasen no período deste curso académico ou estean realizando a súa formación práctica en empresas: nun prazo de 30 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

NORMATIVA

[Orde do 21 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas económicas para a realización de formación práctica en empresas, destinada a alumnos/as de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica de centros dependentes da Consellería do Mar.](#)